

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2024

Ao abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Vimianzo, o concurso de disfraces de Entroido 2024, rexeráse polas seguintes normas:

1º.- Obxecto.

É obxecto promover unha das festas tradicionais do noso Concello e premiar aos mellores disfraces individuais infantís e adultos, de parellas, grupos e comparsas que se presenten ao concurso, que se celebrará o día 10 de febreiro de 2024 na Praza do Concello de Vimianzo e o día 17 de febreiro en Baiñas.

2º.- Importe e aplicación orzamentaria.

O importe ascende a 2870 euros para cada un dos concursos, que se imputarán á aplicación orzamentaria 338 48105 (Promoción da Cultura. Concurso Entroido)...total (5740€).

3º.- Requisitos dos participantes.

Establécense as seguintes categorías no concurso:

1. **COMPARSAS:** agrupación formada por un mínimo de vinte (20) compoñentes, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.
2. **GRUPOS:** agrupación formada por un mínimo de tres (3) e un máximo de dezanove (19) compoñentes, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.
3. **PARELLAS:** agrupación formada por dous (2) compoñentes, que garden unha unidade temática entre os dous compoñentes.
4. **INDIVIDUAIS INFANTÍS :** participantes menores de 16 anos que concursen individualmente. (a solicitude deberá pesentala unha persoa adulta responsable do menor).

Deberá elixirse só unha das categorías, de xeito que un mesmo disface non poderá participar noutras categorías. De detectar esta situación eliminarase da categoría individual.

Non terán dereito a premio disfraces que xa participaran en edicións anteriores.

En caso de que ao cubrir o formulario se marcasse a categoría equivocada, atribuiráselle de oficio a que lle corresponda.

4º.- Características e limitacións dos disfraces.

Non se permitirá o acceso á praza de vehículos, plataformas, carromatos ou similares.

Non poderán utilizar ningunha substancia que poida ser inflamable ou perigosa.

Non poderán participar no concurso aqueles disfraces que xa participaran en edicións anteriores.

Cada participante só poderá presentarse a unha categoría do concurso.

Poderán ser excluídos disfraces que pola súa temática ou elaboración podan resultar vexatorios ou discriminatorios, a criterio do órgano convocante.

5º.- Inscripcións.

As inscricións deberán facerse no formulario que se publicará na web municipal e deberán presentarse:

-A través da Sede Electrónica Municipal

-Presencialmente no Rexistro do Concello, Praza do Concello, número 6.

Coa inscrición, os interesados deberán achegar cumprimentados tódolos anexos que integran a mesma, atendendo ós contidos publicados nas presentes bases.

O prazo de presentación iniciárase o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP e rematará o día 8 de febreiro de 2024, ata as 23:59horas para o concurso de Vimianzo. No concurso de Baiñas rematará o día 15 de febreiro de 2024 ata as 23:59horas.

No caso de que unha persoa presente por erro varias inscricións na mesma categoría, darase por válida a última presentada.

En caso de inscrición de parellas, grupos e comparsas os datos que deban constar na solicitude serán os dun membro do grupo, que se considerará representante do mesmo a todos os efectos. Si se presentan a través de asociacións deben acreditar o poder de representación.

En función da orde de inscrición asignaráselles aos solicitantes un número de dorsal para a orde no pasarrúas e nas actuacións. O dorsal deberá ser recollido polo solicitante ás 17 h na praza do Concello.

A participación do concurso levará implícita a aceptación das bases.

6º.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión é de concorrencia competitiva, entendendo como tal aquel procedemento mediante o cal a concesión de subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas nos termos 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7º.- Desenvolvemento do concurso.



O concurso de Entroido de Vimianzo terá lugar o día 10 de febreiro ás 17 h. na Praza do Concello e o de Baiñas terá lugar o día 17 de febreiro ás 18h. na praza do Outeiro e Pavillón.

As comparsas e grupos deberán estar na Praza do Concello ás 17.00 h para proceder ao pasarrúas pola vila que finalizará na mesma praza, lugar onde terá lugar o concurso de disfraces diante do xurado. É obrigatorio a participación no desfile para poder participar no concurso.

O número do dorsal que lle fora asignado determinará a orde no pasarrúas pola vila e no concurso de disfraces.

Os/as participantes que necesiten música deberán entregarlla á organización, como moi tarde antes do inicio do pasarrúas.

O tempo máximo de duración da actuación no concurso será de 12 minutos, pasar deste tempo poderá significar a exclusión do concurso.

Durante a celebración do concurso poderán efectuarse gravacións e fotografías, incluíndo ás persoas participantes e asistentes, estas fotografías poderán ser utilizadas nos medios que o Concello de Vimianzo estime oportuno.

Ao remate do desfile as persoas compoñentes do xurado reuniranse para fallar o resultado e comunicalo publicamente.

Para a selección dos premios o xurado terá en conta o pasarrúas, a representación ou actuación realizada durante o concurso, a orixinalidade e a confección dos disfraces.

Cada membro do xurado outorgará un máximo de 10 puntos a cada un dos criterios, outorgando un máximo de 30 puntos a cada unha das propostas.

O xurado deberá escoller os seguintes premios:

- 1º, 2º e 3º premio de comparsas
- 1º, 2º e 3º premio de grupos
- 1º, 2º e 3º premio de parellas
- 1º, 2º, 3º premio individual infantil
- 1º, 2º, 3º premio individual adultos

O xurado deberá emitir unha acta coas valoracións e a proposta de gañadores, no modelo que lle será proporcionado polo Departamento de Cultura, e deberá ser asinada por todos os membros do xurado presentes no acto.

Á vista da acta, a Alcaldía resolverá o outorgamento dos premios.

8º.- Xurado.

O xurado estará formado por representantes dos medios de comunicación da Costa da Morte. O xurado elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiados no concurso, asinada por todos os membros.

A Secretaria de actas será a técnica de Cultura e non terá dereito a voto.

9º.- Premios.

1. Establécense os seguintes premios:

COMPARSAS	1º premio: 1000€ 2º premio: 500€ 3º premio: 200€
GRUPOS	1º premio: 300€ 2º premio: 200€ 3º premio: 100€
PARELLAS	1º premio: 100€ 2º premio: 75€ 3º premio: 50€
INDIVIDUAIS INFANTÍS	1º premio: 60€ 2º premio: 40€ 3º premio: 20€
INDIVIDUAIS ADULTOS	1º premio: 100€ 2º premio: 75€ 3º premio: 50€

O xurado reservarase o dereito a declarar deserto algún dos premios se considera que os/as participantes non reúnen a calidade precisa.

10º.- Pago dos premios e requisitos dos gañadores.

O pago dos premios efectuarase con posterioridade ao concurso, a través de transferencia bancaria. A estes efectos, o Concello requirirá ás persoas gañadoras a documentación imprescindible para poder efectuar o pagamento(*certificación bancaria e poder de representación para asociacións*).

O aboamento dos premios realizarase a nome da persoa que formulara a solicitude de participación.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente.

Antes do pago deberá acreditarse que a persoa gañadora non ten débedas coa Seguridade Social, AEAT ou co Concello. A estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización ao Concello para comprobar de oficio estes extremos nas Administracións correspondentes.

11º.- Concurso deserto e exclusións.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios en caso de que considere que ningunha das propostas presentadas acadará un nivel de calidade mínimo.

A organización e o xurado poderá desqualificar en calquera momento do proceso, aqueles disfraces que incumpran as normas recollidas nestas bases.

O xurado poderá excluír do concurso a aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara ao público como cara á organización.

12º.- Normativa reguladora e interpretación.

As bases reguladoras rexeranse, ademais de polas normas expresadas na mesma, pola Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Vimianzo; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

Compete ao órgano convocante a prerrogativa de interpretar as bases e convocatoria.

Corresponderá ao presidente do xurado resolver calquera circunstancia non prevista nestas bases e que poida alterar o normal desenvolvemento do concurso.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a desqualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

As presentes bases serán publicadas no BOP e na páxina web do Concello así como os anexos correspondentes. Tamén as bases e os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

13º.- Autorizacións.

A presentación das solicitudes supón a aceptación íntegra das bases reguladoras e das condicións, requisitos e obrigas contidas nela, e ademais implica polos participantes a aceptación incondicionada das seguintes cláusulas:

- a) *A autorización ao concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos dos concursantes e premiados, así coma fotografías e vídeos dos mesmos nos actos de entrega de premios ou na participación no acto obxecto do concurso.*

- b) *A publicación dos datos persoais dos premiados e importe dos mesmos na Base de Datos Nacional de Subvencións de conformidade coa lexislación vixente.*

c) *Consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais. Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vimianzo coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha finalidade de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Vimianzo ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

14º.- Restricións sanitarias.

En todo momento deberán respectarse as restricións vixentes en materia de prevención do COVID-19, así como as instrucións que poda emitir a organización ao respecto.

ANEXO I
FORMULARIO DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE
VIMIANZO 2024

Desexamos participar no Concurso de Comparsas de Entroido 2024 do Concello de Vimianzo

Nome da Comparsa
DNI/CIF:
Data de constitución da comparsa como entidade ou asociación:
Enderezo:
Poboación
Código Postal:
Representante legal:
Data de nomeamento:
NIF:
Enderezo:
Poboación / C.P.
Teléfono de contacto: Correo electrónico:

Características da comparsa participante:

Temática da comparsa:

Título da comparsa:.....

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido 2024 do Concello de Vimianzo.

Vimianzo, de.....de 2024

Sinatura do representante da comparsa,

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIMIANZO

ANEXO II
FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN PARA O DESFILE-PASARRUAS DE GRUPOS NO ENTROIDO-2024

Desexamos participar no desfile-pasarrúas do Entroido 2024 do Concello de Vimianzo

Nome do grupo:
DNI/CIF:
Enderezo:
Poboación/C.P.
Teléfono de contacto:
Representante:
Data de nomeamento:
NIF:
Enderezo:
Poboación/C.P.:
Teléfono de contacto:
Correo electrónico:

Características do grupo participante:

Nome do grupo:

Temática do grupo:

Número de integrantes:

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido 2024 do Concello de Vimianzo.

Vimianzo, de de 2024

Sinatura do representante do grupo,



SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIMIANZO

ANEXO III

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN PARA O CONCURSO DE PARELLAS DO ENTROIDO-2024

Desexamos participar no concurso de PARELLAS do Entroido 2024

Denominación da Parella:
Temática da parella:
Nome e apelidos do 1º integrante
NIF:
Nome e apelidos do 2º integrante
NIF
Enderezo:
Poboación:
Código Postal:
Teléfonos de contacto (dos dous)
Correos electrónicos(dos dous):

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido 2024 do Concello de Vimianzo.

Vimianzo, de.....de 2024



Sinatura dos dous integrantes da parella concursante,

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIMIANZO

ANEXO IV

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN PARA O CONCURSO INDIVIDUAL do ENTROIDO-2024

Desexo participar no concurso Individual do Entroido 2024

Denominación:
Nome e apelidos do integrante
Temática:
NIF:
Enderezo:
Poboación:
Código Postal:
Teléfono de contacto:
Correo electrónico:

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido 2024 do Concello de Vimianzo.

Vimianzo, de.....de 2024

Sinatura do participante,

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIMIANZO

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE REUNIR TODAS AS CONDICIÓN INDISPENSABLES PARA PARTICIPAR NO
CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE VIMIANZO 2024

Don/a

DNI

Actuando en representación da

entidade.....

CIF

Enderezo:

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a entidade á que represento ou as persoas físicas participantes, no caso de grupos, parellas ou persoas participantes de xeito individual, está ao corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias** e coa **Seguridade Social** e cumpren os requisitos para obter la condición de beneficiario, nos termos establecidos na Lei xeral de Subvencións, así como comprométense a manter esta situación durante todo o prazo de tramitación do expediente, e autoriza ao concello a comprobar, no seu caso a veracidade do declarado.

E para que así conste e surta os efectos oportunos asino a presente en

Lugar, data e sinatura do representante:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIMIANZO

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPLIMIENTO DA NORMATIVA EN DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES

Don/a

con DNI núm..... como responsable da comparsa/grupo

denominada/o.....cumpro os requisitos previstos no artigo

13.5 da Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor.¹ e nos termos e alcance do establecido no artigo 69 de Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vimianzo, _____ de _____ de

¹ Artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor indica textualmente que: “Será requisito para el acceso y ejercicio a las profesiones, oficios y actividades que impliquen contacto habitual con menores, el no haber sido condenado por sentencia firme por algún delito contra la libertad e indemnidad sexual, prostitución y explotación sexual y corrupción de menores, así como por la trata de seres humanos. A tal efecto, quien pretenda el acceso a tales profesiones, oficios o actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante la aportación de una certificación negativa del Registro Central de delincuentes sexuales”.


